



DATOS IDENTIFICATIVOS

Sociolingüística

Materia	Sociolingüística			
Código	V01G400V01401			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Rodríguez Yáñez, Xoan Paulo			
Profesorado	Diz Ferreira, Jorge Rodríguez Yáñez, Xoan Paulo			
Correo-e	xoanp@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Estudo da natureza cultural e social das linguas, así coma da súa heteroxeneidade interna e externa, plasmadas na fala.			

Competencias

Código	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B6	Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
C5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
C13	Coñecemento da situación sociolingüística da lingua galega/española.
C15	Coñecemento das repercusións lingüísticas e interculturais do contacto de linguas.
D1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D5	Capacidade de xerar novas ideas.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D10	Capacidade de análise e síntese.
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Familiarizar ó alumnado coa natureza socio-cultural das linguas, a través dunha introducción básica (conceptual, teórica e metodolóxica) á sociolingüística xeral, sempre nunha perspectiva reflexiva.	A1 A2	B1 B7 B8	C5	D5 D10
Aplicar directamente ditos coñecementos ás linguas galega e castelá (e tanto na área peninsular coma americana), e para cada un dos temas tratados, con exposición específica do estado da cuestión de cada tema nos eidos sociolingüísticos galego, hispánico e lusófono.	A1		C13 C15	D1
Iniciar ó alumnado en pequenas tarefas de investigación sociolingüística, que inclúan observación, traballo de campo e obtención de datos con distintas metodoloxías (cualitativas e cuantitativas), análise dos mesmos e, no seu caso, propostas de intervención.	A1 A5	B2 B6	C5 C13 C15	D1 D2 D8 D11 D12

Contidos

Tema	
Tema 1. Introducción ó estudo da heteroxeneidade das linguas.	1.1 Noción de sociolingüística. 1.2 A heteroxeneidade interna das linguas. 1.3 A heteroxeneidade inter-lingüística. 1.4 Conceptos centrais. 1.5 Escolas sociolingüísticas.
Tema 2. O estudo da heteroxeneidade interna das linguas.	2.1 Por que non falamos todos igual? 2.2 As variedades lingüísticas. 2.3 Xéneros discursivos, estilos, rexistros. 2.4 Linguas e códigos comunicativos.
Tema 3. O estudo da heteroxeneidade inter-lingüística.	3.1 O bilingüismo no mundo. 3.2 Paradigmas sociolingüísticos para o seu estudo. 3.3 Conceptos e terminoloxía básica.
Tema 4. Interacción e identidades.	4.1 A fala como fenómeno central. 4.2 Identidades, linguas e usos. 4.3 Da pragmática lingüística á sociolingüística interpretativa. 4.4 Análise da cortesía na interacción. 4.5 Análise da fala bilingüe. 4.6 Análise das identidades de xénero.
Tema 5. Variación e cambio lingüístico.	5.1 O variacionismo laboviano. 5.2 Como estudar a variación lingüística? 5.3 Por que cambian as linguas?
Tema 6. Desigualdades sociais e desigualdades lingüísticas.	6.1 A diversidade lingüístico-cultural do mundo na era global. 6.2 Desenvolvemento social e recuperación lingüística. 6.3 A socialización lingüística infantil: da familia á escola.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	20	40	60
Resolución de problemas e/ou exercicios	20	12	32
Traballos tutelados	0	50	50
Titoría en grupo	4	0	4
Probas de resposta curta	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Explicación dos contidos esenciais da materia (e distinción respecto daqueles accesorios). Clarificación do aparato conceptual e terminolóxico. Orientación sobre as lecturas obrigatorias. O alumnado semipresencial terá á súa disposición (en Faitic) os materiais base de cada un dos temas, incluídas as indicacións sobre as lecturas obrigatorias (lecturas que son comúns a todo tipo de alumnado).
Resolución de problemas e/ou exercicios	Aplicación dos contidos teóricos á resolución de prácticas, que deberán ser resoltas na casa polo alumno e posteriormente corrixidas en clase. O alumnado semipresencial terá á súa disposición (en Faitic) as prácticas de cada un dos temas - que, vía electrónica e/ou en titorías, poderán ser comentadas co profesor.
Traballos tutelados	Realización dun traballo de curso (traballo de campo e traballo analítico), que será corrixido e avaliado polo profesor. Este traballo ha ser entregado antes do 15 de maio. A realización deste traballo (e coa mesma data de entrega que para os presenciais) é tamén obrigatoria para os alumnos semipresenciais. As instrucións e normas de realización han ser colgadas en Faitic.

Titoría en grupo	Consulta de dúbidas sobre calquera aspecto da materia. Tamén o alumnado semipresencial poderá concertar co profesor titorías específicas (en grupo ou individuais, e tanto presenciais coma vía electrónica) encamiñadas a resolver as súas dúbidas na preparación da materia (contidos básicos e lecturas obrigatorias), na realización das prácticas ordinarias ou na do traballo final de curso.
------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Calquera alumno (presencial ou semipresencial) poderá recabar a axuda do profesor, en titorías ou vía electrónica. Por outro lado, ó comezo de cada clase o profesor abrirá un tempo de consulta de dúbidas sobre os contidos da materia.
Traballos tutelados	Tamén para o traballo final de curso, calquera alumno (presencial ou semipresencial) poderá recabar a axuda do profesor, en titorías ou vía electrónica. Por outro lado, ó comezo de cada clase o profesor abrirá un tempo de consulta de dúbidas sobre os contidos da materia.
Titoría en grupo	Cando se estime necesario, poderán organizarse titorías en grupo (tanto de alumnos presenciais coma semipresenciais), e en relación con calquera dos contidos e tarefas do curso (teoría, exames, prácticas para clase, traballo final de curso, etc.).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas e/ou exercicios	Aplicación dos contidos teóricos á resolución de prácticas, que deberán ser resoltas na casa polo alumno e posteriormente explicadas e corrixidas en clase. Valorarase moi especialmente a disposición participativa do alumnado.	10	A1 A5	B2 B6 B7 B8	C13 C15	D1 D10
Traballos tutelados	Realización dun traballo de curso (traballo de campo e traballo analítico), que será corrixido e avaliado polo profesor. Este traballo ha ser entregado antes do día 15 de maio. Os alumnos semipresenciais tamén deberán realizar este traballo, e coa mesma data de entrega.	40	A1 A2	C13 C15	D5 D8 D11 D12	
Probas de resposta curta	Dous exames parciais escritos (liberatorios) sobre os contidos teóricos e prácticos da materia, incluídas as lecturas obrigatorias. Estes exames terán lugar, respectivamente, na 8ª semana de clases e na 2ª semana de maio. Os alumnos semipresenciais tamén deberán realizar estes dous exames, de xeito presencial, e nas mesmas datas, horas e aulas que se fixen para os alumnos presenciais (e que han ser anunciadas en Faitic); en caso contrario examínanse dos contidos teóricos e prácticos da materia (incluídas as lecturas obrigatorias) nun único exame -na mesma data, hora e aula que o exame presencial da 2ª semana de maio.	50	A2	B1 C5 C13 C15	D1 D2 D5 D10	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Primeira edición de Actas (maio).

a1) a avaliación continua realizarase consonte o detallado máis arriba. É obrigatorio realizar todas as probas previstas na avaliación. A nota final calcularase a partir das notas obtidas nas probas parciais, aplicando as porcentaxes especificadas, pero tendo en conta que en cada un dos 3 ítems debe obterse una cualificación de aprobado con independencia dos outros dous. O primeiro exame parcial ha ter lugar na 8ª semana de clases, e o segundo exame parcial na 2ª semana de maio (xa que logo, despois do período de docencia, e con independencia da data oficial de exame fixada no calendario desta Facultade). O alumnado que non consiga superar a materia nesta primeira edición de Actas (maio), será avaliado na segunda edición de Actas (xullo) mediante un exame baseado nos contidos suspensos da materia.

a2) Avaliación única (para aqueles alumnos que non poidan facer un seguemento regular da materia). As persoas que estean neste caso deberán comunicarlle ó profesor da materia ó comezo do cuadrimestre, durante as dúas primeiras semanas de clase. O exame de avaliación única terá lugar na data, hora e aula fixadas no calendario oficial aprobado na Xunta da Facultade de Filoloxía e Tradución. Neste exame entran os contidos (teóricos e prácticos) da materia, así coma as lecturas consideradas obrigatorias. A nota deste exame constituirá o 100% da cualificación final.

Os alumnos que escollan unha modalidade semipresencial deberán presentarse ós dous exames parciais (nas datas e horas que se fixen) e máis entregar o traballo de curso previsto. Os alumnos semipresenciais tamén deberán comunicarlle ó profesor a súa decisión ó longo das dúas primeiras semanas de clases.

Recoméndase encarecidamente a asistencia sistemática a clases, considerada esencial para unha óptima comprensión dos

contidos teóricos e prácticos da materia.

Así mesmo, recoméndase unha participación activa no desenvolvemento das clases, cousa que se traduce tanto na consulta frecuente de dúbidas coma na actitude durante as clases prácticas.

En calquera dos casos, é responsabilidade do alumno (en calquera das modalidades) manterse ó tanto do traballo na materia (datas de realización das probas e de entrega do traballo final; entrega de materiais de lectura e de prácticas para clase, na fotocopiadora e máis en Faitic, etc.).

Segunda edición de Actas (xullo).

O exame correspondente á segunda edición de Actas (xullo) terá lugar na data, hora e aula do calendario oficial aprobado pola Xunta de Facultade, e nel a avaliación levarase a cabo mediante un exame (teórico e práctico, incluídas as lecturas obrigatorias) sobre os contidos suspensos da materia.

Bibliografía. Fontes de información

Ronald Wardhaugh, **Introdución á sociolingüística**, 1992,

Richard L. Hudson, **La sociolingüística**, 1982,

Estudios de Sociolingüística, 2000-2006,

Sociolinguistic Studies, 2007-2017,

Martin J. Ball (ed.), **The Routledge Handbook of Sociolinguistics around the World**, 2010,

O primeiro día do curso, o profesor ha fornecer unha nutrida Bibliografía xeral da materia -desglosada en Manuais, Enciclopedias e Dicionarios, e Revistas. Xunto co detallado Guión explicativo de cada un dos Temas, fornecerase tamén unha bibliografía específica (e mesmo comentada) do mesmo, así coma a listaxe das lecturas obrigatorias para cada un deles. Estes documentos e materiais han ser colgados en Faitic (e tamén estarán á disposición do alumnado na fotocopiadora da Facultade).

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingüística: Introdución á lingüística aplicada/V01G400V01102

Lingüística: Lingüística xeral/V01G400V01204

Outros comentarios

Recoméndase a asistencia a clases coa máxima regularidade e con óptimo aproveitamento. Consideráse esencial para unha axeitada comprensión dos contidos teóricos e prácticos da materia.

É responsabilidade do alumno manterse informado (a través da plataforma Faitic) dos materiais paulatinamente entregados, así coma das datas fixadas para as probas de avaliación.

Recomendase utilizar con frecuencia a biblioteca da nosa Facultade de Filoloxía e Tradución, que baixo a cota 801:316 ten unha moi boa sección de obras de Sociolingüística -así coma a consulta da ampla sección de obras e revistas do eido da Lingüística Xeral en calquera das súas pólas.

Así mesmo, recoméndase prestar a máxima atención á expresión lingüística, tanto en termos da calidade e rigor dos contidos coma do dominio léxico-gramatical.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera traballo ou exame suporá un cero nesa proba. O descoñecemento do que seña plaxio non eximirá ó alumno da súa responsabilidade ó respecto.

Para calquera alumno (incluídos os de intercambio) resulta indispensable ter unha formación básica en Lingüística Xeral.
